## CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO

### Departamento de Vento Metal- Acceso 2023

A proba de acceso específica suporá o 60 % do total da cualificación da proba de acceso aos estudos superiores de Música. O 40 % restante corresponderá á media do expediente académico do título profesional de Música do/da aspirante.

Características da proba específica de acceso:
Especialidade de Interpretación (excepto itinerario de Jazz). A proba consistirá:

• **Parte A**: interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por 3 obras de diferentes estilos, ou 2 obras e 1 estudo dunha dificultade axeitada ao nivel de acceso a estes estudos. Valorase o uso de instrumentos afins. Criterios de valoración parte A:
Valoración programa a interpretar: 25%
Control técnico do instrumento: 30%
Calidade do son: 25%
Expresividade: 10%
Estilo: 10%

**Nota importante:**
O/a aspirante entregará ao tribunal antes da realización da parte A, unha relación do programa a interpretar incluída a minutaxe de cada obra ou estudo.
O/a aspirante presentará tres copias das obras ou estudios a interpretar.
O tribunal poderá solicitar en calquera momento os orixinais das obras ou estudos.

• **Parte B**: análise dunha obra ou fragmento musical a proposta do tribunal.

• **Parte C**: lectura a 1ª vista.
Criterios de valoración parte C:
Control técnico do instrumento: 30%
Calidade do son: 30%
Expresividade: 20%
Estilo: 20%